

A literatura galega entre 1936 e 1975

Exercicios autoavaliables (2)

1.- Le o texto de Neira Vilas e responde ás seguintes cuestións:

- Repara na autodescrición de Balbino. Cres que pode ser a caracterización de calquera neno de aldea da época? En que momento histórico está localizado o texto?
- Deduce a relación que pode existir entre Balbino e Manolito.
- Interpreta o fragmento subliñado do final.

Eu son... Balbino. Un rapaz de aldea. Coma quen dis, un ninguén. E ademais, probe. Porque da aldea tamén é Manolito, e non hai que lle tusa, a pesares do que lle aconteceu por causa miña. No vrao ando descalzo. O pó quente dos camiños faime alancar. Magóanme as areas e nunca falta algunha bocha pra espetáreme nos pés. Érgome con noite pecha, as dúas ou tres da mañán, pra ir co gando, restrevar ou xuntar monllos. Cando amañece xa me doi o lombo e as pernas. Pero o día comeza. Sede, sol, moxardos. No inverno, frío. Ganas de estar arreo ó pé do lume. Muíños apeados. Faladurías de neves e lobos. Os brazos son coma espeteiras pra encolgar farrapos. Murnas, frías, dedos sin tento. ¡Qué saben desto os nenos da vila! Eles ignoran o que eu penso mentres boto ó corpo un gurrucho de caldo con broa. Ou o que sinto cando estou no monte pingando, aterecido, vendo por entre a chuvía un fantasma bretemoso en cada árbore. A aldea é unha mestura de lama e fume, onde os cans ouvean e a xente morre «cando está de Deus», como di a madriña. Os rapaces somos tristes. Enredamos, corremos tras dos foguetes e ata rimos, pero somos tristes. Temos a pobreza e os trafegos da terra aniñados nos ollos. [...] Eu quixera andar mundo. Ir por mares e terras que non coñezo. Nascín e crieime na aldea pero agora síntoa pequena, estreita.

(Xosé Neira Vilas, *Memorias dun neno labrego*, 1961)

2.- Le o texto de X. L. Méndez Ferrín e indica cal é a súa temática. Que novidade importante achega o libro ao que pertence este poema a ese tipo de poesía, a respecto dos autores da Xeración do 36?

No vento de mazán que se desfraga
nos cons e pedregullo solar
de cabo de Home e Punta do Cabalo de Fora
reclamo a libertade pró meu pobo.

No meniño que dorme
no edredón dos teus ollos
reclamo a libertade pró meu pobo.

Nas vellas mans agrarias,
nas loias amorosas dos estíos
reclamo a libertade pró meu pobo.

Nos bicos acedísimos e tenros
dos meus fillos inmensos
reclamo a libertade pró meu pobo. [...]

X. L. Méndez Ferrín, *Con pólvora e magnolias* (1976)

- 3.- Dá os termos relacionados coa Nova Narrativa Galega que se corresponden coas definicións:

Procedemento de ruptura da orde cronolóxica consistente nun salto cara atrás no tempo da historia.	
Técnica literaria consistente na descrición pormenorizada do medio físico, de xeito que este se converte en elemento central da historia.	
Perspectiva da narración consistente na alternancia de diferentes e sucesivas voces.	
Técnica literaria consistente en expor os pensamentos dun personaxe de maneira directa, sen elaboración lóxica, ás veces, mesmo irracional.	
Movemento literario francés de mediados do século XX que inflúe nos autores da NNG e está na orixe da súa denominación.	
Corrente de pensamento (liderada por Jean Paul Sartre), que ofrece unha visión angustiada e desesperanzada da vida, que presenta unha importante influencia nos autores da NNG.	

- 4.- Comenta o tipo de descrición que se observa no fragmento d' *A orella no buraco* de María Xosé Queizán (texto 13 da antoloxía do documento do tema). [Resposta breve]
- 5.- Cando comeza o teatro independente en Galiza e cales son os seus obxectivos? [Resposta breve]

Respostas

1.- Le o texto de Neira Vilas e responde ás seguintes cuestións:

- Repara na autodescrición de Balbino. Cres que pode ser a caracterización de calquera neno de aldea da época? En que momento histórico está localizado o texto?
- Deduce a relación que pode existir entre Balbino e Manolito.
- Interpreta o fragmento subliñado do final.

O fragmento corresponde ao inicio da novela, na que O protagonista, Balbino, se presenta. Descríbese a si mesmo como un neno de aldea extremadamente pobre, que anda descalzo, que pasa frío no inverno e calor no verán e que se dedica case todo o día a traballar. A súa descrición pode ser perfectamente a da maioría dos nenos galegos dun medio rural que no período da posguerra vivía unha situación de enorme penuria económica, desprovisto en gran medida de electricidade, auga corrente e rede de saneamento. No fragmento dedúcese que Manolito, a pesar de ser tamén un neno de aldea, vive unha situación moi diferente. É o fillo do cacique e por tanto, non é pobre, circunstancia que o leva a tratar a Balbino con desprezo.

A parte final do fragmento final reflicte os desexos de Balbino de saír do mundo miserable e sen perspectivas no que vive. A única posibilidade real de conseguilo é a emigración. Na novela nárrese a partida para a emigración do irmán de Balbino. Isto provoca nel a ansia de seguir os seus pasos. Na novela ofrécese unha visión moi pesimista da realidade galega e dáse a entender que, efectivamente, a única saída para conseguir unha vida digna é a emigración.

2.- Le o texto de X. L. Méndez Ferrín e indica cal é a súa temática. Que novidade importante achega o libro ao que pertence este poema a ese tipo de poesía, a respecto dos autores da Xeración do 36?

O poema insírese dentro da temática da poesía social, unha variedade de poesía comprometida coa realidade concreta que denuncia as inxustizas e pretende concienciar á sociedade dos males que sofre. Esta poesía foi cultivada por moitos autores da Xeración do 36, entre os que destaca Celso Emilio Ferreiro. Nestes, trátase dunha poesía directa e prosaica, con pouco recursos retóricos e de fácil comprensión. Non hai apenas artificios literarios que poidan dificultar a comprensión da mensaxe, que cobra unha especial importancia.

Neste poema, como en gran parte dos que integran *Con pólvora e magnolias*, Ferrín adopta unha perspectiva diferente na expresión reivindicativa, que se ve menos tópica e menos panfletaria. O núcleo central desta composición segue a ser de compromiso social; así o tema do poema é a exigencia de que Galiza recupere completamente a liberdade ("reclamo a liberdade pró meu pobo" repítese como retrouso ao final de cada estrofa). O libro está datado en 1976, só un ano despois do final da ditadura franquista, cando aínda non se gozaba dun réxime plenamente democrático e de liberdades, Galiza non contaba con institucións propias e o galego non era aínda un idioma oficial.

Mais, a diferenza dos poemas sociais da meirande parte dos autores da xeración do 36, neste encontramos unha maior elaboración literaria. Para espallar a súa mensaxe, Ferrín adopta un ton máis lírico. A voz poética di reclamar a liberdade en todos e cada un dos elementos que compoñen o país (vento, accidentes xeográficos, persoas, animais...), que aparecen descritos con abundancia de imaxes nun ton de exquisita poeticidade, ben diferente da expresión tópica do socialrealismo: “Nas loias amorosas dos estíos”, “Nos bicos acedísimos e tenros dos meus fillos inmensos”. Ás veces mesmo se aproxima ás metáforas irracionais propias do vangardismo: “No vento de mazán que se desfraga”, “No meniño que dorme no edredón dos teus ollos.”

3.- Dá os termos relacionados coa Nova Narrativa Galega que se corresponden coas definicións:

Procedemento de ruptura da orde cronolóxica consistente nun salto cara atrás no tempo da historia.	Analepse
Técnica literaria consistente na descrición pormenorizada do medio físico, de xeito que este se converte en elemento central da historia.	Obxectalismo
Perspectiva da narración consistente na alternancia de diferentes e sucesivas voces.	Multiperspectivismo ou pluriperspectivismo
Técnica literaria consistente en expor os pensamentos dun personaxe de maneira directa, sen elaboración lóxica, ás veces, mesmo irracional.	Monólogo interior
Movemento literario francés de mediados do século XX que inflúe nos autores da NNG e está na orixe da súa denominación.	Nouveau Roman
Corrente de pensamento (liderada por Jean Paul Sartre), que ofrece unha visión angustiada e desesperanzada da vida, que presenta unha importante influencia nos autores da NNG.	Existencialismo

4.- Comenta o tipo de descrición que se observa no fragmento d' *A orella no buraco* de María Xosé Queizán (texto 13 da antoloxía do documento do tema). [Resposta breve]

A descrición é un claro exemplo da técnica denominada obxectalista. Descríbese a realidade dunha maneira totalmente obxectiva e minuciosa; non só a realidade inanimada (o banco) senón tamén o propio protagonista (“No banco, no extremo oposto de onde se atopa a miña cabeza, sobresaen as punteiras rompidas dos meus zapatos”). A narración é igualmente obxectiva. O narrador adopta unha perspectiva distante, ás veces case científica, ao relatar os feitos (“Poden ocorrer dúas cousas: 1ª. Que a miña orella quente a man. 2ª. Que a man arrefría a orella.”). Unha consecuencia desta técnica é a escaseza de acción. Apenas suceden cousas. A meirande parte do discurso narrativo dedícase a á análise da realidade.

5.- Cando comeza o teatro independente en Galiza e cales son os seus obxectivos? [Resposta breve]

O fenómeno do teatro independente comeza en Galiza na década dos 60 do século pasado. Os seus obxectivos son rescatar o teatro das salas convencionais para achegalo ao público en todo tipo de locais, tanto urbanos como rurais; romper co concepto de compañía estábel do teatro burgués e apostar pola itinerancia e a creación colectiva; pescudar novos métodos para a creación e a representación, sempre cun afán experimental, aberto a todo tipo de influencias; e crear unha rede teatral no país que permitise o desenvolvemento dunha dramaturxia galega moderna e comprometida.